

## Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 12 de maio do 2016

CONCELLEIROS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Pedro Cambón Fernández.

José Luis Sampedro Bouzas.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 12 de maio de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 3 de maio de 2016.

2º.- Comunicacions previas (obra menor).

3º.- Licenza de obra maior.

4º.- Adhesión á Asociación Terras de Compostela.

### **PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 3 DE MAIO DE 2016.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 3 de maio de 2016.

### **SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE MIGUEL BOULLON CUNQUEIRO, con domicilio na Urbanización Balado 37, baixo C, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na Urbanización Balado 37, baixo C, Os Ánxeles:

- Instalar unha porta de 90 cm. de ancho, de aluminio branco, na traseira da parcela, sobre o muro existente.

- Colocar pavimento na terraza traseira, de 3 x 6 m.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESUS GONZALEZ RAMOS, con domicilio en Avd. Santa Minia 94, Brión, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda da Avd. Santa Minia 94, Brión, de 250 m<sup>2</sup> de superficie, substituíndo a tella actual por outra nova, sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DIEGO VEIGA FUENTES, con domicilio en Guitiande 17, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Guitiande, Os Ánxeles:

- Construción dun peche de 10 m. de largo, con pedra ata 1,80 m. de alto e a 5,50 m. do eixo da estrada.

- Construción dun peche de 216 m. de largo, con adobe, enfuscado e pintado, de 1,20 m. de alto e arame por encima ata 1,80 m. de alto, medidos sobre a rasante do terreo.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en area non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESUS NADAL BUSTELO, con domicilio en Babenzo 35, Bastavales, na que comunica que vai construír unha piscina de poliéster de 7,50 m. x 3,50 m. en Babenzo 35, Bastavales.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RICARDO SANCHEZ DOMINGUEZ, con domicilio en Tembra 44, Boullón, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Tembra 44, Boullón:

- Limpeza de canalóns nunha lonxitude de 50 m. lineais.
- Limpeza de 3 chemineas de pedra.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1ª.2.b) da Lei 2/2016, o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE SANTISO LOIS, con domicilio en Forxán 5, Viceso, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Forxán 5, Viceso:

- Reparar a cuberta do alpendre de 130 m<sup>2</sup> de superficie colocando tella do país sobre a uralita.
- Recebar e pintar en cores claras a parede traseira do alpendre de 60 m<sup>2</sup> de superficie.
- Substituír a cobertura de tella do hórreo de 14 m<sup>2</sup>, por tella do país.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 20 de abril de 2016 (expediente núm. 108/16), acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e coas seguintes condicións para a intervención no hórreo:

- A actuación cinguirase única e exclusivamente á recolocación, e no seu caso, renovación da tella por outras de características similares e colocada de xeito tradicional neste tipo de construcións. A tella que se renove será das mesmas características que a existente.
- Non se poderá colocar placa de fibrocemento baixo a tella, debendo obterse a necesaria impermeabilización da cuberta mediante sistemas construtivos tradicionais ou a disposición dunha lamina sobre o entaboadado.

- Calquera outra actuación sobre o hórreo ou sobre os seus elementos requirirá de autorización expresa da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA LOURDES PAIS NIETO, con domicilio en Avd. de Noia 23, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na Avd. de Noia 23, Os Ánxeles:

- Reparación da cuberta da vivenda de 140 m<sup>2</sup> de superficie, substituíndo a tella actual por outra nova, sen incrementar o seu volume.
- Pintar as catro fachadas da vivenda de cor branca.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ELIGIO GOMEZ MONTERO, con domicilio en Ribasdemar, Tarás 7, Outes, na que comunica que vai construír un cerramento en Pedreira, Luaña, de 325 metros lineais con tubos metálicos e arame, a 5 m. do eixo dos camiños cos que linda. A altura máxima do peche será de 1,80 m. medidos sobre a rasante do terreo.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección forestal, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1ª.2.d) da Lei 2/2016, o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIO CAL VARELA e LUCIA IGLESIAS DA CUNHA, con domicilio en Avd. da Peregrina 3, 3ºT, Bertamiráns, Ames, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Guitiande 57, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13/01/2016 e documentación complementaria presentada o 11/02/2016 (r.e. 623), visada o 09/02/2016 e o 07/04/2016 (r.e. 1427).

A parcela onde se pretenden executar as obras sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 20 de abril de 2016 (expediente núm. 296/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13/01/2016 e documentación complementaria presentada o 11/02/2016 (r.e. 623), visada o 09/02/2016 e o 07/04/2016 (r.e. 1427).
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía da urbanización (conexión cos servizos urbanos existentes e realización das obras accesorias de urbanización do fronte da parcela), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario

está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 57,00 m<sup>2</sup> para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 11 de maio de 2016.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **CUARTO.- ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN TERRAS DE COMPOSTELA.**

No Diario Oficial de Galicia do 02.03.2016 publícase a resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 11 de febreiro de 2016, pola que se publica o acordo do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección.

A Asociación Terras de Compostela está traballando na elaboración da estratexia de desenvolvemento local para a selección e recoñecemento dos GDR ( Grupos de desenvolvemento rural ) como entidade colaboradora na xestión da medida Leader de Galicia 2014-2020.

Segundo a resolución sinalada un Grupo de desenvolvemento rural é unha entidade de natureza asociativa sen ánimo de lucro, tamén coñecido como grupo de acción local (GAL), integrada por un grupo de socios públicos e privados locais dun territorio rural determinado e que deseña e aplique unha estratexia de desenvolvemento local para o seu territorio. As organizacións candidatas a adquirir a condición de GDR deberán cumprir os seguintes requisitos: a) Ter a forma xurídica de asociación, con suxeición á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. As organizacións candidatas a adquirir a condición de GDR para o Leader de Galicia 2014-2020 poderán ser organizacións de nova creación ou ben entidades que xa tivesen a condición de GDR no anterior período de programación Leader Galicia 2007-2013.

O ámbito territorial deste GDR segundo a resolución é:

GDR 19: Ames, Baña (A), Boqueixón, Brión, Negreira, Santa Comba, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra, Vedra.

Vistos os estatutos da asociación cuxa copia consta no expediente e igualmente a copia da inscrición no Rexistro Provincial de Asociacións da Xunta de Galicia e considerando conveniente para o concello formar parte desta asociación para poder acceder a estes fondos, a Xunta de Goberno Local ao abeiro do disposto nos art. 21.1.s) e 23.2.a) da Lei 71985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por unanimidade acorda:

1º) Manifestar a vontade deste concello de formar parte da Asociación Terras de Compostela e comprometerse coa consecución dos fins estatutarios.

2º) Nomear como representante ao Sr. Alcalde José Luis García García.

3º) Facultar expresamente ao Sr. Alcalde para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.24 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González